

## **Estructura, produtividade e rendementos agrícolas da explotación campesiña na Galicia interior: o partido xudicial de Arzúa en 1750-1860<sup>1</sup>**

ANTONIO PRESEDO GARAZO

Universidade de Santiago de Compostela

"nosotros al ménos no acertámos á olvidar que nuestros abuelos se encorvaron bajo el peso de la labor de la tierra y soportáron resignados las durezas de la suerte, que no les permitía ver su término, ni su alivio".

Manuel Murguía: *El Foro. Sus orígenes, su historia, sus condiciones*, Madrid, 1882.

O estudo das estruturas productivas agrícolas para a Galicia da primeira metade do século XIX resulta ás veces unha tarefa de non doada realización, ora pola pervivencia insistente de elementos conformantes das sociedades tradicionais do Antigo Réxime nun contexto no que se está a artellar o mercado estatal español, ora polos erros que presentan os primeiros intentos estatísticos que pon en funcionamento o Estado que nace coa chegada desta centuria. Trátase, non obstante, dun momento histórico importantísimo, pois nestes primeiros anos do novecentos elimínase a propiedade amortizada para integrala no mercado, actuando así sobre os bens eclesiásticos, os morgados e a propiedade comunal, que ó longo do Antigo Réxime estiveran sometidos a unha serie de cláusulas que impedirán a súa comercialización.

Mentres estes cambios de envergadura se van sucedendo intermitentemente, o campesiñado arzuán e melidense que vive a principios do XIX semella atoparse a gusto coa realidade estrutural que viviran os seus avós a mediados do XVIII, coincidindo co que reiteran certos traballos procedentes da publicística modernista<sup>2</sup>. Tese -a da pervivencia, ou se se prefire continuidade- que atopa o seu expoñente máis destacado no emprego

---

<sup>1</sup> Traballo subvencionado con fondos do proxecto de investigación *Fiscalidade señorial, fiscalidade eclesiástica e fiscalidade real/estatal en Galicia, séculos XVI-XIX* (XUGA21012B96).

<sup>2</sup> Sobre as estruturas productivas e composición do campesiñado na Galicia do século XVIII, remitímonos as monografías comarcais publicadas do Salnés -Pérez García (1979)-, Xallas -Barreiro Mallón (1973)-, A Ulla -Rey Castelao (1982)-, Trasdeza -Rodríguez Ferreiro (1973)-, Burón -Saavedra Fernández (1979)- e Mondoñedo -Saavedra Fernández (1985)-, ademais dos traballos de Sobrado Correa sobre Castroverde (1993, 1994 e 1995). A modo de síntese vid. Saavedra Fernández (1996a e 1996b).

sistemático de fontes históricas coas que os propios especialistas acometen o coñecemento da agricultura no Antigo Réxime .

Así, coa tentativa de profundar nos principais procesos de cambio -cando non adaptación- das comunidades rurais e nas súas estruturas agrarias, no presente traballo téntase explicar que cambia e que permanece no Partido Xudicial de Arzúa no momento en que se produce a crise do Antigo Réxime<sup>3</sup>.

Unha carpeta atopada na Caixa 2 do Arquivo da Casa do Rego do Pazo (A.C.R.P.)<sup>4</sup> -Boimorto- datada en 1845, previamente precedida do formulario interrogatorio enviado por Pascual Madoz para a elaboración do seu Dicionario Geográfico-Estadístico, foi o noso punto de partida. Nela, aparece un informe redactado polo avogado melidense D. Juan Codesido que finalmente foi parar a este arquivo palaciano, coidamos que por motivos de emparentamento entre os Codesido e os Prado na segunda metade da centuria.

O devandito memorial conta cunha cartografía sistemática da área interrogada, acompañada de táboas nas que se especifican as calidades e tipoloxías do terrádego, a composición da cabana gandeira, e os rendementos agrícolas, presentando moi sucintamente os datos referidos a un total de 38 parroquias pertencentes ás antigas xurisdiccións de Arzúa, Bendaña e Melide. Suficientes para conformar unha interesante serie, pois se ben só supoñen o 25,93% da superficie total do partido xudicial conformado polos concellos de Arzúa, Boimorto, Curtis, Melide, O Pino, Santiso, Sobrado, Toques, Touro e Vilasantar<sup>5</sup>, de descartarmos os concellos ós que non se fai ningunha mención -Curtis, Sobrado, Toques e Vilasantar-, a porcentaxe aumenta ata acadar o 39,29% de representatividade para os seis concellos restantes, cunha maior fiabilidade nos actuais concellos de Arzúa, Boimorto e Melide<sup>6</sup>.

Para completar a información ofrecida polo memorial, e así acadar unha visión integral á vez que crítica da obra faraónica de P. Madoz, tamén botamos man do Catastro de Ensenada, tanto dos libros de Respostas Xerais<sup>7</sup> para facermos unha idea das calidades do terrádego, sistemas de cultivo e aproveitamento do espazo agrícola no século XVIII; como do censo gandeiro elaborado a partir dos datos catastrados en 1752 e así dispoñer dun punto de partida para a análise da evolución da cabana gandeira<sup>8</sup>; e o censo demográfico

<sup>3</sup> Para unha visión sucinta sobre os cambios e transformacións experimentados polo campesiñado galego ao longo do século XIX vid. Quintana Garrido (1991), Artiaga Rego (1991), e Bernárdez Sobreira (1995).

<sup>4</sup> Para un mellor seguimento da composición documental deste arquivo fidalgo vid. Presedo Garazo (1997b).

<sup>5</sup> MADUZ, P.: *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, Madrid, 1845, t.II, p.614 e ss. Vid. Mapa 1.

<sup>6</sup> Dos 164,60 Km<sup>2</sup>s. totais do concello de Arzúa, o memorial cubre o 77,46% dos mesmos, o 34,65% dos 80,80 Km<sup>2</sup>s. de Boimorto e o 51,05% dos 125,40 Km<sup>2</sup>s. de Melide. Vid. Mapa 2.

<sup>7</sup> Arquivo Histórico Universitario de Santiago (A.H.U.S.), Catastro de Ensenada, Respostas Xerais, Libs.241 (Rs.68 e 69), 243 (R.70), 244 (R.71), 254 (R.74) e 255 (Rs.79 e 80).

<sup>8</sup> *Estado del numero de ganados que se ha verificado existen en la Corona de Castilla con distincion de pueblos y especies en que se comprende el que pertenece a sus vecinos seglares,*

conformado entre 1756 e 1759, no que se observan certas disparidades cos datos recollidos nos libros de base<sup>9</sup>.

Para o estudo da produción agrícola así como da composición da cabana gandeira e as colleitas celosamente gardadas nas despensas, airas, cabazos e hórreos labregos, e coa intención de delimitar niveis diferenciadores de riqueza no seo do campesiñado, elaboramos tres series de inventarios post-mortem a través do baleirado sistemático de protocolos notariais para os períodos 1625-1700<sup>10</sup>, 1720-1771<sup>11</sup> e 1820-1845<sup>12</sup>.

E como o noso marco cronolóxico dilátase ata chegar a mediados do XIX, acudimos tanto ós censos poboacionais de 1857 e 1860<sup>13</sup> para completar a síntese do movemento demográfico elaborada para o período 1752-1845, como ó censo gandeiro de 1865<sup>14</sup> co gallo de ofrecer unha visión ampla dos cambios máis evidentes que se experimentan na composición da cabana gandeira no Partido Xudicial de Arzúa.

## A FONTE: O INFORME DE D. JUAN CODESIDO DE 1845

D. Juan Codesido é un expoñente claro do trasvase que protagoniza unha boa parte da fidalguía rural galega unha vez calla a nova orde de cousas que xenera o Liberalismo. Oriundo da parroquia melidense de Sta. Mariña de

---

*aunque baian a pastar fuera del termino de el lugar de donde es vezino el dueño, con espresion de sus totales, asi de cabezas como de utilidades y esquilmos en Rs. vellon segun los Libros del Catastro de Ensenada, T.1, seglares, Madrid, ed. de 1996.*

<sup>9</sup> *Censo de población de la Corona de Castilla "Marqués de la Ensenada" 1752, mandado formar por el Conde de Valparaíso mediante las Reales Ordenes de 31.7.1756 y 9.7.1759 basándose en los datos recopilados entre 1750 y 1754 para el Catastro del Marqués de la Ensenada, (facsimil) Madrid, 1994, T.1, manuscritos.*

<sup>10</sup> A.H.U.S., Protocolos Notariais, Arzúa, Pedro Fachal y Aguiar: 1624-1669 (Legs.430-501), Juan de Quintela de Castro: 1627-1662 (Legs.513-544), Juan Bernardo de Villar: 1651-1677 (Legs.738-765), Juan de Casal: 1656-1676 (Legs.838-853), Andrés Vázquez Darriba: 1666-1699 (Legs.1167-1211), Pedro Varela das Seixas: 1688-1708 (Legs.1609-1639), e Andrés de Carril: 1688-1738 (Legs.1640-1721).

<sup>11</sup> A.H.U.S., Protocolos Notariais, Arzúa, Pedro Fernández da Silba: 1724-1772 (Legs.2369-2443), Juan Antonio Varela Sotomayor: 1726-1752 (Legs.2459-2491), Salvador de Carril y Vereca: 1728-1776 (Legs.2549-2597), Pedro Sánchez de Meixide: 1730-1771 (Legs.2598-2639), Gregorio Antonio Barrio y Figueroa: 1733-1756 (Legs.2640-2663), e Felipe Mosquera de Caamaño: 1734-1754 (Legs.2745-2764).

<sup>12</sup> A.H.U.S., Protocolos Notariais, Arzúa, Juan Antonio Garea: 1820-1845 (Legs.4636-4661), Juan Antonio Méndez de Otero: 1817-1841 (Legs.4697-4715), Jacobo Francisco Mecías: 1820-1845 (Legs.4722-4743), Pedro García Fernández: 1820-1824 (Legs.4782-4785), e Benito Pardo Yebra: 1820-1845 (Legs.4972-4997).

<sup>13</sup> *Censo de la población de España según el recuento verificado en 21 de mayo de 1857 por la comisión de Estadística General del Reino, Madrid, 1858. Censo de la población de España según el recuento verificado en 25 de diciembre de 1860 por la Junta General de Estadística, Madrid, 1865.*

<sup>14</sup> *Censo de la ganadería de España según el recuento verificado en 24 de Setiembre de 1865 por la Junta General de Estadística, Madrid, 1868.*

Grobas e pertencente á fidalga Casa de Cuíña -dos Codesido-, o seu pai D. Manuel Codesido envíaio de mozo en 1802 a estudar leis na Universidade compostelá<sup>15</sup>, mentres o seu irmán D. Ramón segue a carreira de armas acadando o grao de *Teniente Capitan del Regimiento Ynfanteria de Saboya*, e os outros dous restantes -D. José e D. Gregorio- collen os votos relixiosos<sup>16</sup>. Un feito que xa non lle chama a atención ós estudiosos da fidalguía, pois recentes traballos saídos á luz coinciden en destacar precisamente este trasvase que se produce nas filas desta elite social cara a ocupación de profesións liberais unha vez se produce a crise do Antigo Réxime<sup>17</sup>.

D. Juan Codesido convírtese en avogado da Real Audiencia de Galicia, e coma tal vai autopromocionarse localmente -no espacio onde fica a casa patrucial- aproveitando a nova orde de cousas que nace coas reformas liberais acontecidas na primeira metade do XIX, ó exercer de "*Abogado, Juez y Justicia de la villa de Arzua, su jurisdiccion y la de Bendaña*" en 1820<sup>18</sup> e de alcalde do concello de Melide en 1821<sup>19</sup>. En 1845 simultanea a súa residencia rural en torno ó pazo familiar de Grobas, co despacho que sitúa na cidade de Santiago -extramuros, no barrio de S. Pedro-, onde exerce a avogacía<sup>20</sup>, redactando en 1850-1851 a súa única obra publicada: *Miscelánea de apuntes varios*, editada pola Imprenta da viúva de Compañel e fillos<sup>21</sup>.

Pero aínda que se adapta ós novos tempos, D. Juan Codesido tamén é un claro exemplo do continuísmo que a nivel económico se percibe nas facendas fidalgas neste momento. Casado con Da. Cayetana de Veis, e residente inicialmente nunha casa que constrúe en Sta. Mariña de Sendelle en 1824<sup>22</sup>, pasa a residir na Casa de Cuíña cando lle sobrevén a hora da morte ó patrucio en 1835. Ademais, tanto el coma o seu pai D. Manuel e o seu irmán D. José,

<sup>15</sup> Para un seguimento máis exhaustivo do seu curriculum académico, cómpre destacar que os seus estudos universitarios dilatáronse no tempo durante un período de once anos, os comprendidos entre 1802 e 1813, tendo como profesores destacados, entre outros, ó Dr. D. Manuel Junquera, Dr. D. Sebastián Joseph Mourentán, Dr. D. Andrés Vicente Parga, e Dr. D. Lucas Antonio Montero. A.H.U.S., Fondo da Universidade, Expedientes Persoais, D. Juan Codesido, Leg.259, 1802, 1805-1808, 1810-1813.

<sup>16</sup> En concreto, D. José acabará os seus días como párroco de Sta. Mariña de Viladavil, e D. Gregorio en S. Xoán de Santeles. Estes datos sociolóxicos proceden do testamento de D. Manuel Codesido y Vaamonde, consultable no A.H.U.S., Protocolos Notariais, Arzúa, José Antonio Garea: 1835 (4651) ff.28-29.

<sup>17</sup> Destaquemos entre outros a Domínguez Castro (1992: 181 e ss.) e Presedo Garazo (1995:71-74).

<sup>18</sup> A.H.U.S., Protocolos Notariais, Arzúa, Jacobo Francisco Mecías: 1820 (4722) f.30.

<sup>19</sup> Este dato procede da *Gran Enciclopedia Gallega*, 1974, t.6, p.235. En 1822 tamén segue a rexentar a alcaldía de Melide tal como se comproba en A.H.U.S., Protocolos Notariais, Arzúa, Jacobo Francisco Mecías: 1822 (4724) f.7.

<sup>20</sup> A.H.U.S., Fondo Municipal de Santiago, Padrón vecinal de 1845, Sar, f.31.

<sup>21</sup> A única copia que se coñece hoxe en día desta obra nas distintas bibliotecas españolas, atópase no Museo Provincial de Pontevedra.

<sup>22</sup> A.H.U.S., Protocolos Notariais, Arzúa, Juan Antonio Garea: 1824 (4640), f.95.

invisten unha suma de cartos cos que, malia a estes momentos tardíos nos que semella non ser habitual a implicación da fidalguía rural protagonizando reiteradamente a titularidade de escrituras de compra-venda, aumentan con xenerosidade o patrimonio familiar. En total entre 1821 e 1843 invisten 15.052 réas, cunha media anual de 1.254,33 rs.<sup>23</sup>

Non é de estrañar, polo tanto, que cando Pascual Madoz decide acometer a realización do seu diccionario xeográfico-estadístico atope neste individuo a un deses "*comisionados de moralidad é inteliencia*" ós que se refire no seu prelo, que nos primeiros anos da década de 1840 recopilan o material estadístico descriptivo que lle serve de base ó perito estatista e deputado independente a Cortes, para levar a cabo o seu proxecto<sup>24</sup>.

En Galicia, o responsable último da coordinación dos informes elaborados foi D. José Vereza y Aguiar<sup>25</sup>, a quen como presidente da Diputación Arqueológica Gallega fundada o 19 de maio de 1843 lle foi asignada tal tarefa<sup>26</sup>, motivo polo cal, no memorial redactado por D. Juan Codesido e remitido o 13 de setembro de 1845 ó Xuíz de Primeira Instancia do Partido Xudicial de

<sup>23</sup> A.H.U.S., Protocolos Notariais, Arzúa, José Antonio Garea: 1829 (4645) ff.27, 53 e 54, 1833 (4649) ff.40 e 57, 1840 (4656) f.79, 1841 (4657) f.111, 1842 (4658) ff.41 e 42, e 1843 (4659) ff.51 e 81; Juan Antonio Méndez de Otero: 1825 (4699) f.9; Jacobo Francisco Mecías: 1821 (4723) f.62, 1822 (4724) f.51, 1823 (4725) ff.23 e 34, 1825 (4727) ff.3 e 170, 1827 (4729) f.72, e 1828 (4730) f.197.

<sup>24</sup> A descripción deste colectivo de colaboradores atópase perfectamente artellada no prelo que elabora o mesmo P. Madoz: *"Por medio de mis numerosos amigos, obtuve la designacion de las personas mas á propósito para esta clase de tareas en los diferentes partidos judiciales en que se hallan divididas las 49 provincias: muchas fueron las personas por mí invitadas para tomar parte en mi Diccionario, y escasas fueron, debo decirlo con orgullo, las que á mi incitacion no correspondieron. Pasan de mil los ilustrados españoles, que con el mayor desinterés me han favorecido y me favorecen con su correspondencia, remitiendo noticias, enviando artículos, corrigiéndolos despues, por si alguna equivocacion pudo haberse padecido"*. MADDOZ, P.: *Diccionario geográfico-estadístico ...*, Madrid, 1845, t.1, pp.VIII-IX.

<sup>25</sup> *Gran Enciclopedia Gallega*, 1974, t.30, p.24.

<sup>26</sup> Así aparece citado por Antolín Faraldo e Antonio Neira de Mosquera nun texto que nos facilitou amablemente o profesor emérito D. Baldomero Cores: *"A nuestros paisanos. Para que todos valuen en su debido valor nuestra riqueza monumental, i para que un gobierno justo i liberal sepa apreciar debidamente nuestras riquezas, eran de desear una sociedad que recojiese la primera, i una obra concienzuda que con los datos de entendidos corresponsales, publicase estas con estension i método. Felizmente la DIPUTACION ARQUEOLOJICA GALLEGA que hemos tenido el honor de fundar, uniéndonos á personas de señalado mérito, i nombrando corresponsales en los primeros pueblos de la provincia, i el DICCIONARIO JEOGRAFICO ESTADISTICO E HISTORICO DE ESPAÑA Y ULTRAMAR que dirige el perito estadista é independiente diputado á cortes el Sr. D. Pascual Madoz, cada uno por su parte tienen por objeto la realizacion de los deseos de todo buen gallego. La Diputación arqueológica que se instaló el 19 del mes pasado con la autorización del Sr. Gefe superior político de la provincia, á quien damos las mas cumplidas gracias, pronto dará principio á la estadística monumental de esta provincia, i el Sr. Madoz no perdona medio alguno en proporcionarse los datos mas auténticos, las mas esactas noticias, rectificando con cordura estas i aquellos, i partiendo con talento en una obra que le alcanzará, como merece, una nombradía de primera clase."* *El Recreo Compostelano*, Santiago, t.I, 26-6-1843, pp.189-190.

Arzúa, o propio Codesido cite que xa con anterioridade lle remitira ó Verea a información por el catalogada<sup>27</sup>.

Non obstante, chegados a este punto, a presenza deste memorial no citado arquivo do pazo de Boimorto obríganos a reflexionar sobre por qué foi dar aquí e non á Coruña nen a Madrid. Para iso, a figura do destinatario, é dicir, o devandito xuíz ó que D. Juan Codesido llo enviou desde o seu pazo de Grobas - Melide- semella ser un dato de relevo. Por desgracia, nas actuais dependencias da Audiencia Territorial do Xulgado de Arzúa non se conserva documentación anterior a mediados do século XX<sup>28</sup>, polo que unha vez máis, os protocolos notariais foron a alternativa máis aconsellable para verificar este dato, sobre todo, despois de enterarnos de que no Arquivo do Reino de Galicia as fontes que nos podían dar a pista máis apropiada nesta busca foran pasto do lume<sup>29</sup>.

Así que tras examinar as minutas notariais supervisadas polos distintos xuíces que exerceron dito cargo entre 1820 e 1845, foi elaborada unha serie na que ó noso pesar non apareceu D. Juan María de Prado y Barreiro, patrucio da Casa do Rego do Pazo que tamén cursara a carreira de leis na Universidade de Santiago de Compostela nos anos 1829-1834<sup>30</sup>.

1820: D. Francisco José de Prado y Losada e D. Juan Codesido

1822: D. Diego Vázquez Castro

1823: D. Juan Codesido

1824: Id.

1825: Id. e D. Ramón Sotomayor y Fraguío

1826: D. Ramón Sotomayor y Fraguío

1827: D. Vicente Codesido y Pazos

1828: Id.

<sup>27</sup> A.C.R.P., Caixa 2, Memorial de D. Juan Codesido.

<sup>28</sup> Queremos agradecer desde aquí a axuda desinteresada que nos facilitou o secretario do Xulgado Territorial de Arzúa D. José Manuel Silvosa Tallón para a consulta do fondo documental de dita institución, onde comprobamos conxuntamente que a documentación máis antiga que se conserva é o *Libro de Personal y Oficina. Registro Civil de Arzúa*, redactado en 1958, cun inventario de cargos e causas dos que o máis antigo se remonta a 1871, polo tanto, demasiado tardío para as nosas pesquisas.

<sup>29</sup> Tamén agradecemos debidamente ó noso colega V. Migués a súa colaboración desinteresada á hora de confirmar este dato.

<sup>30</sup> A.H.U.S., Fondo da Universidade, Expedientes Persoais, Leg.1122, 1829-1834. Sobre á adscripción de D. Juan María ós valores e ética conservadora é moi elocuente o informe adxuntado no seu expediente polo crego D. Andrés María de Prado: "*Dn. Andres Maria de Prado y Losada, Abad Parroco de los veneficios curados unidos de Santa Maria de Sendelle y Santiago de Boymorto en el Arziprestazgo de Benbejo, Jurisdiccion de Arzua.*"

*Certifico: Que Dn. Juan de Prado y Barreyro, hijo de Dn. Francisco y Da. Maria del Carmen Barreyro y Moscoso, mis feligreses, Estudiante, es de entera buena vida y costumbres, temeroso de Dios, frecuente los Santos Sacramentos y en su corta edad manifiesta las mas sanas y religiosas ydeas con especial adhesion a los sagrados derechos de el Trono y Altar, sin que perteneciese a ninguna milicia, logia ni reunion reprovada (...)"*

- 1829: D. José Antonio Penedo  
 1830: D. Ramón Varela  
 1831: D. Juan García Moldes  
 1833: D. Juan Codesido e D. Antonio Duro  
 1834: D. Juan Codesido  
 1840: D. Miguel Navarrete  
 1842: Id.  
 1843: Id.  
 1844: D. Luis Pimentel  
 1845: Id.

Dous datos parécennos salientables da presente relación. O primeiro deles é que D. Juan Codesido exerce durante boa parte dos anos estudados a xurisdicción en primeira instancia no Partido Xudicial de Arzúa; e o segundo, que algún patrucio do pazo onde apareceu o memorial tamén desempeña este cargo, tal como sucede con D. Francisco José de Prado, pai de D. Juan María de Prado. Polo que en 1845 a única relación que podía existir entre a Casa do Rego do Pazo de Boimorto e a Casa de Cuíña de Melide era só o feito de que en ámbolos dous casos, as dúas familias -os Prado e os Codesido- pertencían a unha mesma clase social: a fidalguía rural rendista. Nada máis.

Deste xeito, D. Juan Codesido elaborou este memorial para revisar certos datos que desde 1841 fan incluídos nos informes que enviaba á Diputación Arqueolóxica Gallega na Coruña co desexo de colaborar como informante na elaboración da obra de P. Madoz. Estes informes previos remitíraos directamente a D. José Verea y Aguiar, quen como encargado de coordinar a elaboración dos distintos memoriais remitidos polos diferentes comisionados espallados por toda Galicia, debía, á súa vez, logo de facer a selección e as revisións pertinentes, envialos cara a Madrid.

O ano da primeira edición do diccionario de P. Madoz, D. Juan Codesido elabora un último informe que remite desde Melide a D. Luis Pimentel, xuíz de primeira instancia do xulgado de Arzúa, especificando que se trata dunha "*adición a otras qe. /hace tiempo/ tengo dadas al Sor. D. Jose Verea y Aguiar pa. el diccionario de Madoz*"<sup>31</sup>. Se D. Luis Pimentel enviou ou non o informe á Coruña é o de menos, pois dun xeito ou doutro, este voltou ás súas mans xa que a edición do diccionario era unha realidade consumada; motivo polo cal, é de supoñer que se lle devolveu o seu esforzado acopio de datos que, obviamente, foran recapitulados coa idea de correxir os anteriores informes. Polo tanto, o memorial retorna á Casa de Cuíña, na parroquia de Grobas, concello de Melide.

A aparición da carpeta que contén o memorial, xunto con outra documentación pertencente á familia Codesido centrada na segunda metade do

<sup>31</sup> A.C.R.P., Caixa 2, Memorial de D. Juan Codesido.

século XIX, na caixa 2 do Arquivo da Casa do Rego do Pazo do concello de Boimorto, poñémola en relación con posibles transaccións económicas habidas entre estas dúas familias, ou ben achegamentos matrimoniais. Dun xeito ou doutro, no momento en que esta documentación dos Codesido foi parar á residencia dos Prado na segunda metade do século pasado, este utilísimo memorial integrouse nunha realidade arquivística distinta á súa orixinaria, pero poida que esta orixinalidade, ou se se prefire xogada do destino, sexa a responsable de que chegara ata nós unha utilísima ferramenta de traballo para a análise da explotación campesiña na primeira metade do XIX.

## BREVE SÍNTESE DA EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA

E xá un feito aceptado pola publicística demográfica o incremento poboacional rexistrado na Galicia interior e oriental na primeira metade do século XIX en relación co que acontece cen anos atrás. Gracias ós datos saídos á luz recentemente polo profesor A. Eiras Roel<sup>32</sup>, este aumento demográfico evidenciado nas taxas de crecemento dos diversos partidos xudiciais galegos entre 1787 e 1860, deixa entrever que o crecemento da poboación rexistra os seus valores mínimos na actual provincia de Pontevedra -a excepción do Partido Xudicial de Vigo-, acadando os seus valores máis altos tanto en Lugo como en Ourense<sup>33</sup>.

De feito, aínda que ó longo do XIX en cifras absolutas o saldo vexetativo -sempre de signo positivo- sexa superior na costa cun índice de 4,50 fronte ó 4,34 do interior, estaría condicionado en todo momento segundo B. Barreiro Mallón por unha maior afluencia de desprazamentos demográficos en favor das áreas costeiras, contrastando cunha vitalidade poboacional máis salientable na área interior<sup>34</sup>. Vitalidade que vén marcada polo feito de que a poboación da Galicia interior medra con menos intensidade que a do litoral na meirande parte do século XVIII, para facelo con máis énfase logo de 1780, nun momento decisivo que se circunscribe fundamentalmente ó período 1780/89-1820/29 nas montañas orientais, estendéndose este modelo ó conxunto da provincia de Lugo, tal como demostrou P. Saavedra Fernández<sup>35</sup>.

Evidentemente, o Partido Xudicial de Arzúa non lle dá as costas a este proceso de incremento demográfico, pois limita xeográficamente coa provincia lucense, e o memorial de D. Juan Codesido dá boa conta diso.

---

<sup>32</sup> Eiras Roel (1996).

<sup>33</sup> Eiras Roel (1996: 312-313).

<sup>34</sup> Barreiro Mallón (1977: 215 e ss).

<sup>35</sup> Saavedra Fernández (1996c: 101 e ss).

TABOIA I.

## EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE VECIÑOS E HABITANTES DAS PARROQUIAS ENQUISTADAS (1752/53-1845)

A. Antiga Xurisdicción de Arzúa							
	1752-53	1756-59	1787	Memorial	Madoz		
Andabao	45/52	(253)	- (164)	38 (213)	100	(500)	
Arceo	53/65	(298)	- (263)	58 (326)	70	(385)	
Arzúa (vila)	80/89	(406)	- (442)	90 (457)	78	(413)	
Arzúa	50/76	(254)	- (317)	75 (381)	68	(360)	
Boimorto	26/39	(146)	- (206)	41 (230)	49	(285)	
Burres	122/149	(619)	- (284)	165 (838)	175	(970)	
Calvos	68/79	(345)	- (332)	62 (314)	43	(219)	
Mella	33/33	(167)	- (200)	33 (167)	27	(134)	
Sendelle	50/59	(281)	- (296)	60 (337)	71	(380)	
Viladavil	43/61	(218)	- (197)	56 (284)	58	(270)	
TOTAL	570	(2987)	- (2701)	678 (3547)	739	(3916)	
B. Antiga Xurisdicción de Bendaña							
Arca	134/156	(679)	- (646)	112 (567)	115	(560)	
Bama	30/101	(154)	- (519)	92 (473)	102	(564)	
Branza	51/68	(259)	- (326)	67 (340)	50	(320)	
Castrofeito	64/75	(324)	- (266)	73 (370)	61	(331)	
Dodro	46/50	(233)	- (211)	*	49	(273)	
Lema	54/61	(274)	- (271)	30 (152)	48	(284)	
Loureda	73/79	(350)	- (314)	57 (273)	40	(220)	
Oís	120/130	(609)	- (542)	*	87	(447)	
Pantiñobre	65/80	(330)	- (347)	75 (381)	81	(447)	
Pereira	57/63	(288)	- (300)	71 (359)	49	(225)	
Touro	55/62	(283)	- (278)	48 (247)	41	(181)	
Turces	40/56	(206)	- (197)	45 (231)	33	(163)	
Viños	35/43	(177)	- (242)	46 (233)	50	(266)	
TOTAL	545	(4166)	- (4459)	716 (3626)	806	(4281)	
C. Antigua Jurisdicción de Melide							
Abeancos	31/44	(164)	- (252)	*	47	(212)	
Baltar	* /25	(133)	- (116)	27 (143)	19	(92)	
Castañeda	37/45	(187)	- (229)	79 (410)	30	(138)	
Castro	13/15	(69)	- (60)	15 (79)	14	(74)	
Furelos	32/37	(170)	- (180)	59 (313)	73	(268)	
Golán	23/29	(122)	- (155)	30 (159)	25	(132)	
Grobas	14/17	(74)	- (84)	21 (111)	21	(98)	
Maceda	39/48	(207)	- (230)	51 (271)	49	(260)	
Melide (vila)	64/84	(340)	- (315)	116 (617)	150	(700)	
Melide	24/25	(127)	- (78)	*	42	(430)	
Orois	17/20	(90)	- (119)	20 (106)	20	(89)	
Rendal	27/49	(137)	- (274)	48 (243)	52	(264)	
San Cibrao	24/28	(127)	- (146)	30 (159)	38	(160)	
Serantes	74/90	(346)	- (155)	*	25	(109)	
Vilantime	63/66	(320)	- (316)	72 (365)	50	(280)	
TOTAL	482	(2613)	- (2709)	568 (2976)	655	(3146)	

Fonte: Os datos de 1752-53 proceden do A.H.U.S., Catastro de Ensenada, Respostas Xerais, Libs.241 (Rs.68 e 69), 243 (R.70), 244 (R.71), 254 (R.74) e 255 (Rs.79 e 80). Os de 1756-59, do facsímil do *Censo de población de la Corona de Castilla "Marqués de la Ensenada" 1752, mandado formar por el Conde de Valparaíso mediante las Reales Ordenes de 31.7.1756 y 9.7.1759 basándose en los datos recopilados entre 1750 y 1754 para el Catastro del Marqués de la Ensenada*, Madrid, 1994, T.1, manuscritos. Para a conversión en habitantes aceptamos, non obstante, os datos procedentes da pregunta 21 do Interrogatorio Xeral. Os de 1787 fóronnos facilitados por A. Fernández González, a quen expresamos desde aquí o noso agradecemento. Os do memorial de D. Juan Codesido están na Caixa 2 do A.C.R.P. E os de Madoz, no seu *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, Madrid, 1845, 16 Tomos. Onde aparece o signo (\*) enténdese que os datos estragáronse.

Das tres antigas xurisdiccions conformantes do partido das que temos datos censitarios, demóstrase que entre mediados do século XVIII e finais de dita centuria, o crecemento poboacional é tenue, cando non negativo. Así, entre 1752/53 e 1787 según as respostas xerais co Catastro de Ensenada e o Censo de Floridablanca, as parroquias do memorial pertencentes á antiga xurisdicción de

Arzúa rexistran un crecemento negativo dun -9,57%, mentres que en Bendaña e Melide, as porcentaxes de incremento demográfico son de +7,03% e +3,67% respectivamente.

Entre 1780 e 1845, o incremento demográfico constátase cara á alza, se ben nas parroquias da antiga xurisdicción de Bendaña semella que se experimenta unha caída posiblemente causada pola cercanía de Santiago de Compostela, o que non quere dicir que o saldo vexetativo desta área do partido sexa negativo, senón máis ben que a proximidade da cidade arquiépiscopal estaría condicionando o número real de veciños taxados en 1845<sup>36</sup>.

Un dos inconvenientes que nos atopamos para a análise deste crecemento é precisamente a non coincidencia dos datos demográficos do memorial de D. Juan Codesido cos publicados no diccionario de P. Madoz. De feito estas cifras presentan índices diferenciais negativos do 10,40% en Arzúa e 18,06% en Bendaña respecto ó Diccionario, e positivo en Melide cun 24,25%, o cal nos fai pensar en dúas posibles explicacións: ou ben unha das fontes está errada, ou o están as dúas. En todo caso, non temos noticia de ningunha circunstancia particular que lle incitase a D. Juan Codesido a falsificar o número de veciños das freguesías encuestadas, polo que ben podería ser consecuencia dun erro premeditado polos redactores do Diccionario de Madoz. Por iso, e casualmente, a utilización dos datos expostos no memorial de 1845 para o Partido Xudicial de Arzúa nos semella máis acertada, sobre todo se temos en conta a intencionalidade correctora que temos especificado.

Así entre 1787 e 1845 daríase un incremento xeral dun +8,15% non homoxéneo para o conxunto do partido, xa que mentres Arzúa medra un +31,32% e Melide un +33,81%, Bendaña descende un -18,68%. É dicir, que se confirma o crecemento rexistrado polos especialistas de xeito innegable nas áreas do partido próximas á Dorsal Galega e á provincia de Lugo, mentres que as parroquias máis achegadas ó concello de Santiago ven diminuír porcentualmente os seus efectivos entre ámbalas dúas datas.

Deste xeito, o aumento rexistrado por A. Eiras Roel na densidade de poboación no Partido Xudicial de Arzúa entre 1787 e 1860, pasando de 33,85 hab./km<sup>2</sup> a 43,67 respectivamente<sup>37</sup>, aínda tendo en conta o descenso dun -1,45% experimentado no conxunto do partido entre 1857 e 1860<sup>38</sup> (Táboa 2), axústase plenamente ó aquí exposto. Esta variabilidade dos datos ofrecidos polo cómputo de 1857 e 1860 pode estar orixinada polo mesmo motivo que non fai coincidir os datos do memorial de base elaborado en 1845 por D. Juan Codesido, cos que ese mesmo ano se publican oficialmente no diccionario de Madoz. É dicir, a decisión arbitraria de respetar ou non os datos iniciais

<sup>36</sup> Sobre esta cuestión e a delimitación do "pulmón demográfico" de Santiago de Compostela, vid. Dubert (1997: 206-218).

<sup>37</sup> Eiras Roel (1996: 312).

<sup>38</sup> Esta caída circunstancial está orixinada sen lugar a dúbidas pola crise agraria de 1852-55, pero de todos xeitos Saavedra Fernández (1996c: 120), seguindo a X.A. López Taboada, constata que no período de 1860-1910 o Partido Xudicial de Arzúa, xunto cos de Vilalba e Sarria entre outros do interior, veu medrar o seu número de habitantes. Vid. tamén Rodríguez Galdo e Dopico (1981: 13 e ss.).

recopilados polos distintos informantes obríganos a empregar este tipo de fontes estatísticas con sumo coidado, e sempre tendo en conta o grao de fiabilidade que presentan, en moitos casos moi difícil de discernir.

TABOIA 2.

CRECIMENTO DEMOGRÁFICO EXPERIMENTADO NO PARTIDO XUDICIAL DE ARZÚA ENTRE 1857 E 1860  
SEGUNDO OS CENSOS PUBLICADOS POLA JUNTA GENERAL DE ESTADÍSTICA.

Concello	1857			1860			incremento
	v.	m.	Total	v.	m.	Total	
Arzúa	3.725	4.373	8.343	3.662	4.132	7.804	-6,46%
Boimorto	1.627	1.883	3.539	1.800	1.976	3.796	+7,26%
Curtis	1.629	1.925	3.577	1.743	1.996	3.739	+4,52%
Melide	2.766	3.350	6.616	2.864	3.343	6.209	-6,15%
O Pino	2.685	3.128	5.907	2.698	3.136	5.837	-1,18%
Santiso	1.912	2.350	4.272	1.822	2.205	4.038	-5,47%
Sobrado	1.869	2.050	3.929	1.881	2.071	3.957	-47,28%
Toques	1.131	1.355	2.506	1.246	1.409	2.665	+6,34%
Touro	2.971	3.550	6.543	2.939	3.495	6.437	-1,62%
Vilasantar	1.102	1.260	2.390	1.171	1.314	2.455	+2,71%

Fonte: Censo de la población de España según el recuento verificado en 21 de mayo de 1857 por la comisión de Estadística General del Reino, Madrid, 1858, pp.234-235. Censo de la población de España según el recuento verificado en 25 de diciembre de 1860 por la Junta General de Estadística, Madrid, 1865, pp.196-197.

## A EXPLOTACIÓN AGRARIA NO PARTIDO XUDICIAL DE ARZÚA EN 1845

### a. Tamaño e estrutura

A explotación media campesiña por veciño acada segundo o memorial de D. Juan Codesido en Arzúa as 2,21 Has. de labor, 1,63 de prado, 0,56 de pasto, 0,27 de plantío, 1,12 de monte pechado e 2,89 de aberto; en Bendaña as 2,28 Has. de labor, 0,35 de prado, 0,25 de pasto, 0,32 de plantío, 0,64 de monte pechado, e 1,44 de aberto; e en Melide as 1,62 Has. de labor, 0,31 de prado, 0,38 de pasto, 0,27 de plantío, 0,87 de monte pechado, e 3,28 de aberto (Apéndice: Táboa 7).

É evidente que a mediados do século XIX a explotación a monte aínda xoga un papel de relevo no seo da explotación agraria desta comarca, pois esta superficie do terrádego declarada no memorial significa o 56,06% en Arzúa, o 39,21% en Bendaña e o 61,96% en Melide, tal como se observa na Táboa 8. Un feito que non nos chama en exceso a atención, xa que a publicística agrarista galega ten situado esta tipoloxía do terrádego como imprescindible para o normal desenvolvemento da economía agraria, trala súa humanización e integración implícita no seo do complexo agrario, non só no Antigo Réxime<sup>39</sup>, senón tamén para boa parte do século XIX<sup>40</sup>.

Uns cen anos atrás, esta superficie era empregada con regularidade segundo a información recollida no Catastro de Ensenada pola veciñanza rural

<sup>39</sup> Sobre todo os traballos de Saavedra Fernández (1982 e 1989), e Rey Castelao (1995).

<sup>40</sup> Balboa (1990) e Presedo Garazo et al. (1997).

para a obtención de recursos complementarios, e dita complementariedade segue estando presente a estas alturas do XIX tal como confirma a información procedente dos inventarios post-mortem<sup>41</sup>.

En 1752/53, ademais da presenza efectiva do gando no monte de xeito extensivo, nas freguesías de Castañeda, Rendal e Vilantime as superficies a "*jestar y tojar*" eran estivadas polos veciños a partir das diversas calidades declaradas, de tal xeito que as de primeira producían cada dezaseis anos 3 ferrados de trigo por cada ferrado rozado, ademais de tres carros de leña, 2,5 ferrados de trigo e dous carros de leña cada dezasete os de segunda calidade, e 2 frdos. de trigo e dous carros de leña os de terceira, empregando parte da leña "*para quemar y sazonar la tierra a fin de que produzga el trigo y en la intermision de los años al en que se rompen*"<sup>42</sup>. Os veciños de Baltar, Golán, Grobas e Orois -tamén da Xurisdicción de Melide-, tampouco desaproveitaban as riquezas da superficie a monte, e os toxares e xesteiras de primeira calidade rompíanse cada oito anos para produciren tres ferrados de trigo e catro carros de leña por ferrado de superficie estivada -cada nove-, os de segunda de *onze en onze años* para producir 2 ferrados de trigo e 3 carros de leña -cada doce-, mentres que os de terceira fano cada dezaseis para levantar 1,5 frdos. de trigo e dous carros de leña -cada dezasete-<sup>43</sup>.

Na Xurisdicción de Arzúa, os veciños de Andabao rompían os seus montes baixos a toxo "*de doce en doce años, y produce dos carros de lena, cinco ferrados de zenteno, si hes de segunda produce lo mismo rompido a los diez y ocho, y si es de tercera tiene la misma produccion a los veintte y quatro años*"; e os que estaban a codeso de primeira calidade "*a los doce años, y con su leña se queman los terrones para sembrar centteno del que produce cinco ferrados, si*

<sup>41</sup> De feito, na serie de inventarios elaborada para o período 1819-1845, aparece constantemente citada a presenza de "*pila de piedra para pisar tojos*", que sabemos gracias ó estudio de Balboa (1990: 39-40) xogaban un papel de relevo na alimentación da cabana gandeira. Vid. como exemplo A.H.U.S., Protocolos Notariais, Arzúa, Pedro García Fernández: 1820 (4781), Inventario post-mortem de Francisco Vilariño, de Armental, ff.81-82; e Jacobo Grancisco Mecías: 1824 (4726), Inventario post-mortem de Andrés Corral, de Calvos, ff.176-178. Sobre a presenza de gando no monte, serven de exemplo os casos de Miguel López, de Arceo, que posúe un "*lechón del campo*" -Jacobo Francisco Mecías: 1825 (4727) ff.9-16, e Manuel Espido, de Vilariño, que ten unha vaca "*del monte*", ademais de aproveitarse agricolamente coa sementeira de tres ferrados de trigo "*en vara estibada del monte*" -Pedro García Fernández: 1822 (4783) f.8 e ss.


<sup>42</sup> A.H.U.S., Catastro de Ensenada, Respostas Xerais, Lib.244 (R.71) f.416 e 416v°.

<sup>43</sup> A.H.U.S., Catastro de Ensenada, Respostas Xerais, Lib.244 (R.71) f.531. Por fortuna, dispoñemos ademais para a parroquia de Golán dos reparticións de montes feitos entre os veciños para o disfrute das súas varas, efectuados nos anos centrais do XVIII, e conservados no *Libro Becerro* que redactou o fidalgo D. Juan Francisco Valeriano Varela y Aguiar, patricio da Casa Nova de Golán. Vexámolo especificado na repartición dos montes de Aneiros acometido o día 13 de abril de 1755: "*En 13 de abril de 1755, Dn. Juan Francisco Varela Vermudez, vezino desta feligresia de Golan, como ynteressado por el lugar de los Mellas, del lugar de la Yglesia, Diego de Garea, Joseph de Andrade, estos por el lugar do Curral, Joseph da Mella del lugar de Mundin, Esteban Lopez como marido de su muger, y Juan Curro por representacion Gregorio Gomez, e yo, Dn. Juan Francisco Varela y Aguiar, por el derecho que adqueri de Juana da Carreira, y esta que lo tenia por su lugar llamado de Vilela, fuimos al monte llamado de Aneiros y se puso en 3 tercios, de los cuales se me adjudico a mi por dha. compra el uno, del qual tercio me saca Joseph de Mella y sus porciones el tercio de mi tercio (...)*", Arquivo da Casa da Fraga, *Libro Becerro* de D. Juan Francisco Valeriano Varela y Aguiar, f.37.

es de segunda se rompe a los diez y seis años y tiene la misma produccion, y la de tercera a los veinte y produce cinco ferrados" por cada ferrado superficial rozado<sup>44</sup>. Utilidades moi semellantes ás rexistradas na parroquia de Calvos, onde o ferrado de primeira calidade de monte baixo -tojar, gestar o uzar- se rompía cada trinta anos producindo "tres ferrados de trigo, la segunda dos ferrados y la tercera uno y medio, y no otra cosa"<sup>45</sup>.

Esta humanización do monte que se integra perfectamente dentro das actividades agrarias das comunidades rurais autóctonas, esténdese á Xurisdicción de Bendaña, onde os veciños de Turces cavan o monte baixo tamén cada trinta anos, alzando nos terreos de primeira calidade 4,5 ferrados de trigo por ferrado estivado, 3 nos de segunda, e 2 nos de terceira<sup>46</sup>.

GRÁFICA 1. PORCENTAXES DE CLASES DO TERRÁDEGO NO PARTIDO XUDICIAL DE ARZÚA SEGUNDO O MEMORIAL DE D. JUAN CODESIDO



Deste xeito, se nos fixamos na Gráfica 1, resulta doado decatarse de que se ben é certo que a superficie labradía acolle o 34% da superficie declarada no memorial de D. Juan Codesido, igualando incluso o valor porcentual calculado para o monte aberto, de axuntarlle a este último os parciais procedentes dos montes pechados así como os plantíos e carballeiras, o monte ocupa a superficie maioritaria, cun 53% do total, o que nos fai reflexionar -tendo en conta as noticias procedentes dos inventarios post-mortem- que o monte xoga un papel fundamental no seo da explotación agraria campesiña nesta comarca a mediados do XIX.

<sup>44</sup> A.H.U.S., Catastro de Ensenada, Respostas Xerais, Lib.255 (R.80) f.278.

<sup>45</sup> A.H.U.S., Catastro de Ensenada, Respostas Xerais, Lib.255 (R.80) f.432.

<sup>46</sup> A.H.U.S., Catastro de Ensenada, Respostas Xerais, Lib.241 (R.69) f.701vº.

O outro elemento de análise, é sen lugar a dúbidas a porcentaxe dun 13% do total do terrádego declarado, que está adicado á práticultura. A diferenciación enfatizada que se repite nas tres áreas enquisadas do partido entre predios a prado e a pasto estanos a indicar unha especialización no que atinxe á produción de herba, un produto cun prezo que se eleva progresivamente na primeira metade do XIX, tal como demostrou no seu día J.M. Pérez García<sup>47</sup>. As fincas a prado estaban especializadas na produción exclusiva de herba que unha vez segada era empregada para o sostemento da cabana gandeira, mentres que as adicadas a pasto tamén a producían, pero para uso directo do gando que era soltado de xeito controlado nestes eidos da explotación agrícola para pacer.

En xeral, e pese ó aumento rexistrado nos rendementos agrarios nun 40% na primeira metade do XIX para as terras produtoras de pan, cun incremento que fai pasar os rendementos en superficie de 5x1 a un nivel superior de 8x1 despois de 1820<sup>48</sup>, a ordenación do terrádego segue sendo similar na primeira metade do XIX ó observado para as comunidades tradicionais do Antigo Réxime<sup>49</sup>, se ben coa confirmación de evidentes indicios dunha clara especialización pratense.

### **b. A produción e os rendementos agrarios.**

A situación da produción e dos rendementos agrarios parece coincidir co indicado para a estrutura da explotación campesiña. Unha rápida ollada á Táboa 9 permite afirmar que no Partido de Arzúa a colleita de cereais pasa por ser o principal produto demandado polo labrego como soporte imprescindible na súa dieta alimenticia, cunha variedade que confirma a relevancia do millo a carón do centeo, mentres que o trigo figura nun terceiro e modesto posto no conxunto dos áridos por ser cultivado fundamentalmente cando se roza o monte; pola contra, o millo miúdo tan habitual nesta área segundo as Respostas Xerais do Catastro de Ensenada só se cultiva en 1845 na parroquia de Bama.

A destacada presenza de fabas, nabos e liño non fai senón confirmar a tendencia continuísta na produción agrícola respecto a épocas anteriores, pois trátase de produtos xa rexistrados un século atrás, nunha serie de sistemas de cultivo nos que case desaparecera o barbeito.

A pataca está parcialmente extendida, sobre todo en determinadas parroquias de Bendaña -Lema, Pantiñobre, Touro, Turces e Viñós-, sendo anecdótica a súa presenza en Arzúa -Burres- e Melide -Baltar, Grobas e Orois-<sup>50</sup>.

Os datos do Catastro de Ensenada confirman que en 1752/53 cultivábase en Turces trigo, centeo, millo, millo miúdo, liño, nabos, fabas e chícharos; en

<sup>47</sup> Pérez García (1981: 61).

<sup>48</sup> Pérez García (1981: 46-47).

<sup>49</sup> Sobre este aspecto vid. os capítulos I e II de Rodríguez Galdo e Dopico (1981).


<sup>50</sup> Sobre a extensión do cultivo da pataca vid. Rodríguez Galdo e Dopico (1981: 51 e ss.).

Baltar, Castañeda, Grobas, Golán, Orois, Rendal e Vilantime, centeo, millo, millo miúdo, liño, nabos, xudías, verduras, cabazos "y algunas zevollas para el consumo de sus casas", ademais de "algún trigo en los montes, tojares y jesteres"; en Andabao e Calvos, trigo, centeo, millo, millo miúdo, liño, fabas, nabos, "berza gallega", chícharos e cabazos; e nos arredores da vila de Arzúa estes últimos e máis cebola.


Se botamos unha rápida ollada ós produtos agrarios declarados nos inventarios dos períodos 1720-1771 e 1819-1845 (Gráficas 2 e 3), confírmase a preponderancia porcentual do millo con índices que acadan o 54% e o 48% respectivamente. Nun segundo posto repítese a presenza do centeo; e mentres no século XVIII o trigo, o millo miúdo e a aveia, ou mesmo as fabas, acadan unha representatividade porcentual mínima, pero patente nas labranzas, na primeira metade do XIX todo parece indicar que o espazo que van perdendo estes produtos nos predios labradíos está determinado pola extensión que aínda comeza -pero non por iso pasa desapercibida- da cultura da pataca.

GRÁFICA 2.

ANÁLISE DOS PRODUCTOS AGRARIOS ATOPADOS NAS DESPENSAS DA SERIE DE INVENTARIOS 1720-1771.



GRÁFICA 3.  
ANÁLISE DOS PRODUCTOS AGRARIOS ATOPADOS NAS DESPENSAS DA SERIE DE INVENTARIOS 1819-1845.



Así, o memorial de D. Juan Codesido confirma a visión contrastada da produción agrícola que se deriva da análise conxunta do Catastro de Ensenada e as series de inventarios post-mortem: a intensificación do traballo da terra á que chegan os veciños do partido arzuán a mediados do XVIII, cun sistema elaborado de rotación de cultivos trienal no que ten case desaparecido o barbeito, que se altera parcialmente na primeira metade do XIX coa introducción do cultivo da pataca.

No que respecta ós rendementos agrarios, a fiabilidade do memorial tampouco semella ser un obstáculo, máis ben todo o contrario.

Segundo as Respostas Xerais do Catastro de Ensenada, nos arredores da capital do partido, un ferrado de labradío de primeira calidade producía no primeiro ano dúas colleitas -unha de 6 ferrados de centeo e outra de nabos-, no segundo ano outras dúas de cereal -5 ferrados de millo e 2 de millo miúdo-, e no terceiro ano 5 libras de liño e nabos<sup>51</sup>. En Calvos, levantábanse no primeiro ano da rotación trianual nun ferrado de labradío de primeira calidade 4 ferrados de trigo e 4 Rs. de nabos, no segundo 6 frdos. de millo, e no terceiro 4 feixes de liño e 3 Rs. de nabos; mentres que as herdades labradías de segunda e terceira calidade rotaban bianualmente, sementando primeiro centeo -con colleitas de 4 e 3 fdos. respectivamente- e despois millo nas de segunda -4 fdos. de rendimento por ferrado cultivado- e millo miúdo nas de terceira -tamén 4 fdos.-<sup>52</sup>. En Andabao a rotación de cultivos era semellante, pois cada ferrado de labradío producía o primeiro ano 5 fdos. de centeo e unha cantidade de nabos regulada no Catastro cun valor de 2 fdos. de centeo, no segundo ano indistintamente 3 fdos. de millo ou de millo miúdo, e no terceiro 6 *aces* de liño e 2 fdos. de liñaza con 4 Rs. de nabos; levantando nas terras de segunda bianualmente 4 fdos. de millo miúdo e 4 fdos. de centeo; producindo tan só 4

<sup>51</sup> A.H.U.S., Catastro de Ensenada, Respostas Xerais, Lib.255 (R.80) ff.307vº-308.

<sup>52</sup> A.H.U.S., Catastro de Ensenada, Respostas Xerais, Lib. 255 (R.80) ff.431-431vº.

fdos. de centeo nas terras labradías de terceira, onde se constata a presenza do barbeito<sup>53</sup>.

Na xurisdicción de Melide os resultados son similares. Nas agras labradías de primeira calidade de Baltar, Grobas, Golán e Orois álzanse dúas colleitas o primeiro ano da rotación -4 fdos. de centeo e 6 Rs. de nabos-, e outras tantas no segundo -4 fdos. de millo e "*algunas judías o avichuelas*"- e terceiro -14 Rs. de liño e 5 Rs. de nabos-; mentres que nas terras de segunda e terceira, a rotación é bianual producindo cada ferrado cultivado no primeiro ano 3 e 2,5 fdos. de centeo respectivamente, e no segundo 4 e 2,5 fdos. de millo miúdo<sup>54</sup>. En Castañeda, Rendal e Vilantime os rendementos son idénticos no que se refire ás terras labradías de primeira calidade, confirmándose a rotación bianual para as de segunda e terceira con centeo e millo miúdo, aínda que cunha produción menor por ferrado sementado: 3 fdos. de centeo no primeiro ano por ferrado labradío de segunda calidade, e 2 para o de terceira; e 3 fdos. de millo miúdo para ambas calidades no segundo ano da rotación<sup>55</sup>.

En Bendaña, e tomando como referencia a parroquia de Turces, volven abundar as semellanzas. Un ferrado labradío de primeira calidade produce o primeiro ano 6 fdos. de centeo e 4 Rs. de nabos, no segundo 5,5 fdos. de millo, e no terceiro 4 feixes de liño e 3 Rs. de nabos. De segunda calidade, o primeiro ano 4 fdos. de centeo, e no segundo 3 fdos. de millo ou trigo indistintamente. E se é de terceira calidade, o ferrado de labor seméntase cada dous anos para recoller unha colleita de 3 fdos. de centeo ou 4 de millo miúdo<sup>56</sup>.

En 1845, a área de Bendaña pasa por ser a máis productiva no conxunto do partido xudicial, non só polo que dicíamos antes ó anotar a presenza da pataca xusto aquí, senón tamén pola análise dos rendementos agrarios, que son, para o conxunto da área estudada, baixísimos. Tomando como referencia os dous produtos preferidos nas labranzas labregas segundo os inventarios -o millo e o centeo-, en seguida un se decata na Táboa 3 de que os maiores rendementos de Hls./Ha. se centran precisamente aquí; en primeiro lugar, porque os rendementos de Hls. millo/Ha. labradía cultivada correspóndenlle ás parroquias deste concello: Arca con 7,05, Pereira con 6,92, e Bama con 6,53; e en segundo lugar, porque aínda que os rendementos en centeo non superan as cifras acadadas en Melide, cando menos igualan ás de Arzúa. De aquí dedúcese tamén que na área máis interior do partido, é dicir, o concello de Melide, situado xa a carón da Dorsal Galega, o centeo aínda segue a ser a mediados do XIX o produto máis apreciado para a dieta cotiá do campesiño. Non esquezamos que segundo os rendementos o centeo acada na parroquia de Maceda o índice máis alto das 38 freguesías do memorial, con 7,83 Hls./Ha., superando incluso os índices de rendimento máis elevados rexistrados polo millo na área de Bendaña.

<sup>53</sup> A.H.U.S., Catastro de Ensenada, Respostas Xerais, Lib. 255 (R.80) ff.276-277.

<sup>54</sup> A.H.U.S., Catastro de Ensenada, Respostas Xerais, Lib.244 (R.71) ff.527vº-529vº.

<sup>55</sup> A.H.U.S., Catastro de Ensenada, Respostas Xerais, Lib.244 (R.71) ff. 414-415vº.

<sup>56</sup> A.H.U.S., Catastro de Ensenada, Respostas Xerais, Libs. 241 (R.69) ff.700vº-701.

**TABOA 3.**  
*RENDEMENTOS AGRÍCOLAS EN HLS./HA. DOS PRINCIPAIS CERAIS CULTIVADOS NA XURISDICCIÓN DE ARZÚA SEGUNDO O MEMORIAL DE D. JUAN CODESIDO.*

A. Arzúa	B. Bendaña		C. Melide		Centeo	Millo		
	Centeo	Millo	Centeo	Millo				
Andabao	4,44	3,94	Arca	5,13	7,05	Abeancos	3,56	2,92
Arceo	4,32	2,83	Bama	3,98	6,53	Baltar	4,69	2,88
Arzúa (vila)	4,43	4,12	Branza	*	5,36	Castañeda	3,86	3,26
Arzúa	5,03	3,86	Castrofeito	5,22	6,57	Castro	3,97	3,48
Boimorto	4,12	3,37	Dodro	*	4,35	Furelos	4,04	3,10
Burres	5,36	4,33	Lema	5,42	4,51	Golán	4,73	3,35
Calvos	4,28	3,63	Loureda	2,96	5,82	Grobas	4,00	2,41
Mella	4,36	3,90	Oís	*	4,18	Maceda	7,83	3,69
Sendelle	3,97	3,35	Pantiñobre	4,87	4,05	Melide (vila)	4,56	3,98
Viladavil	4,33	3,49	Pereira	5,30	6,92	Melide	4,91	4,82
			Touro	5,13	6,48	Orois	5,69	3,24
			Turces	3,29	2,85	Rendal	5,66	3,79
			Víños	5,01	4,27	San Cibrao	4,81	4,05
						Serantes	3,67	4,58
						Vilantime	5,00	3,97

Polo tanto, a produción e rendementos agrarios que aparece no memorial, pouco diverxe do que acontece no XVIII, salvo na produción de herba, onde se rexistra unha cantidade total para as 38 parroquias -salvo a de Branza, da que non se conserva o dato no memorial- de 6.225 Tm. anuais, cunha media de 2,70 Tm. por explotación. Isto hai que poñelo en relación directa co aumento xa sinalado anteriormente da superficie adicada a prado ou pasto, que na primeira metade do XIX ve aumentar o seu prezo.

**TABOA 4.**  
*VALORACIÓN DA PRODUCCIÓN AGRARIA EN RS. POR PARROQUIA E VECIÑO SEGUNDO O MEMORIAL DE D. JUAN CODESIDO.*

A. Arzúa	B. Bendaña		C. Melide		Parroq.	Veciño		
	Parrq.	Veciño	Parrq.	Veciño				
Andabao	71.635	1.885	Arca	204.237	1.823	Abeancos	62.397	*
Arceo	70.510	1.215	Bama	140.031	1.372	Baltar	45.476	1.684
Arzúa (vila)	53.458	593	Branza	86.649	1.293	Castañeda	38.739	490
Arzúa	85.812	1.114	Castrofeito	113.861	1.559	Castro	11.897	793
Boimorto	67.505	1.646	Dodro	63.742	*	Furelos	49.928	846
Burres	247.175	1.498	Lema	85.138	2.837	Golán	39.856	1.328
Calvos	79.620	1.284	Loureda	90.680	1.590	Grobas	21.986	1.046
Mella	46.840	1.419	Oís	154.257	*	Maceda	79.419	1.557
Sendelle	83.493	1.490	Pantiñobre	164.949	2.199	Melide (vila)	43.357	373
Viladavil	96.184	1.717	Pereira	120.280	1.694	Melide	63.729	*
			Touro	81.364	1.695	Orois	38.532	1.926
			Turces	49.392	1.097	Rendal	84.896	1.768
			Víños	47.096	1.023	San Cibrao	65.828	2.194
						Serantes	39.055	*
						Vilantime	54.519	757

O memorial presenta ademais unha valoración utilísima dos rendementos agrícolas expresados en Rs. para cada unha das parroquias enquisadas (Táboa 4), o que nos permite averiguar a valoración en reais da produción agraria de cada explotación.

En 1845, a produción dun campesiño medio de Arzúa valórase en 1.330,72 Rs. anuais, 1.653,18 Rs. en Bendaña, e 1.011,32 Rs. en Melide. É dicir, que as explotacións agrícolas situadas na área que posúe unha agricultura máis dinámica e permeable ós cambios que se producen nos sistemas de cultivo

-como por exemplo a introducción da pataca na labranza-, así como o feito de contar con rendementos agrarios nos que o millo sempre supera ó centeo nas terras de labor, acadan unhas ganancias que reducidas a metálico -ou se se prefire, capitalizadas-, superan ás explotacións características das zonas máis próximas á Dorsal, onde non se rexistra a presenza da pataca e o centeo segue a reinar nuns predios monotonamente acostumados a uns sistemas de cultivo vixentes cando menos desde mediados do século XVIII.

### c. A cabana gandeira

Acabamos de ver a importancia que se lle dá á superficie encargada de producir herba -prados e pastizais- en relación coa alimentación dunha cabana gandeira que coidamos estaba desigualmente repartida.

**TABOA 5.**  
*EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE RESES EXPERIMENTADO NO PARTIDO XUDICIAL DE ARZÚA ENTRE 1752 E 1865*

	1752	1865	Incremento en %
Vacún	27.347	20.272	- 25,87
Cabalar	4.409	4.500	+ 2,06
Mular	1.704	760	- 55,39
Asnal	12	80	+ 566,66
Ovino	61.082	35.789	- 41,40
Cabrío	17.534	4.214	- 75,97
Porcino	13.986	10.704	- 23,46

Fonte: Para 1752 empregamos o censo gandeiro da Coroa de Castela feito a partir do *Estado del numero de gandos que se ha verificado existen en la Corona de Castilla con distincion de pueblos y especies en que se comprende el que pertenece a sus vecinos seglares, aunque baian a pastar fuera del termino de el lugar de donde es vezino el dueño, con espresion de sus totales, asi de cabezas como de utilidades y esquilmos en Rs. vellon segun los Libros del Catastro de Ensenada*, T.1, seglares, Madrid, ed. de 1996. E para 1865 o *Censo de la ganadería de España según el recuento verificado en 24 de Setiembre de 1865 por la Junta General de Estadística*, Madrid, 1868, pp.58-59.

Segundo o censo gandeiro de 1865, a cantidade neta de cabezas de gando por distintas especies experimenta un descenso acusado respecto ás cifras absolutas rexistradas no censo gandeiro da Coroa de Castela elaborado en 1752 (Táboa 5), salvo no cabalar e asnal. A caída dos ovicápridos viría marcada pola progresiva perda de espazos físicos a que se ven sometidas estas dúas especies, máxime cando o labrego vai arañando pouco a pouco superficie ó monte para adicalo á practicultura. Pero a caída rexistrada no Partido Xudicial de Arzúa do gando vacún nun -25,87% non deixa de ser cando menos un dato chocante, tendo en conta a especialización gandeira que se experimenta na segunda metade do século no conxunto de Galicia<sup>57</sup>.

<sup>57</sup> Sobre o grao de fiabilidade deste censo gandeiro de 1865, A. Bernárdez Sobreira reflexiona moi acertadamente no seu traballo que vai incluído no presente volume, con quen coincidimos na crítica por el presentada. Vid. tamén Fernández Prieto (1996: 699).

**TABOA 6.**  
**EVOLUCIÓN DA CABANA GANDEIRA NO PARTIDO XUDICIAL DE ARZÚA**  
**SEGUNDO O RECONTO DOS INVENTARIOS POST-MORTEM**

<i>A. 1625-1700 (54 casos)</i>					
	1	2	3	4	5
vacún	47	87,03	383	6,83	6,17
ovino	40	74,07	648	13,70	12,00
cabrío	33	61,11	450	13,63	8,33
cerda	40	74,07	281	7,02	5,20
equino	15	27,77	98	6,53	1,81
mular	4	7,40	10	2,50	0,18
colmeas	3	5,55	60	20,00	1,11
curral	3	5,55	4	1,33	0,07
<i>B. 1720-1771 (48 casos)</i>					
vacún	47	97,91	246	4,82	4,73
ovino	38	79,16	491	12,92	10,22
cabrío	25	52,08	223	8,92	4,64
cerda	39	81,25	128	3,28	2,66
equino	14	29,16	29	2,07	0,60
mular	7	14,58	16	2,28	0,33
colmeas	6	12,50	35	5,83	0,72
curral	1	2,08	1	1,00	0,02
<i>C. 1820-1845 (77 casos)</i>					
vacún	65	84,41	338*	4,17	3,63
ovino	38	49,35	360	9,47	4,67
cabrío	9	11,60	61	6,77	0,79
cerda	45	58,44	109	2,42	1,41
equino	34	44,15	56	1,64	0,72
mular	11	14,28	16	1,45	0,20
colmeas	16	20,77	96	6,00	1,24

Lenda: 1= inventarios con presenza de especie concreta de gando; 2= % de 1 respecto do total; 3= total de reses contabilizadas de cada especie; 4= 3/1; 5= 3/total inventarios. No caso do gando vacún téñense en conta os casos coñecidos de parceria, co cal as referencias parcial e total aumentan á hora de calcular as medias.

Para corrixir os erros que presenta o censo gandeiro de 1865, tanto o memorial de D. Juan Codesido (Táboa 10) como as series de inventarios post-mortem poden resultar moi valiosos. Deste xeito, verifícase unha caída no número de reses coas que conta cada explotación a medida que avanzamos no tempo, sempre limitada pola accesibilidade ós recursos compensatorios que ofrece a propiedade a monte, pero nunca unha caída en picado como a que se intúe de compararmos as cifras de 1752 coas de 1865.

A porcentaxe de presenza de gando vacún nos inventarios a penas varía desde o 87,03% da serie de 1625-1700 ata o 84,41% de 1820-1845, se ben é certo que entrámbalas dúas series experimentase un crecemento na presenza desta tipoloxía de vacún por inventario que acadou o 97,91% na serie de 1720-1771. Esta tenue baixada constatada para principios do XIX tamén se observa se analizamos a media de reses vacunas declaradas por inventario, e a media de reses calculada por fogar. O século XVII aparece como o máis propicio para a consolidación dun grupo de labregos ricos que enseguida identificou J.M. Pérez García nun espléndido traballo como aspirantes á fidalguía no século XVIII<sup>58</sup>. Obtemos deste xeito unha media inicial de 6,17 reses de vacún por veciño, á

<sup>58</sup> Pérez García (1982); seguindo parcialmente as liñas de investigación abertas neste traballo vid. Presedo Garazo (1997a).

que debemos engadir as medias máis altas de ovicápridos e suídos se comparamos os datos das tres series elaboradas.

Non obstante, nesta serie do século XVII incorporamos algúns casos que se enmarcan moi correctamente nos parámetros calculados por J.M. Pérez García para os labregos ricos, motivo polo que as distintas medias ven aumentados os seus valores finais, o que non desminte que esta centuria sexa propicia para a consolidación de destacadas cabanas gandeiras que non veremos reflexadas con tanta proliferación nos séculos XVIII e XIX. Quere iso dicir que nos séculos XVIII e XIX o gando vacún tende a redistribuírse máis equitativamente.

Se comparamos os índices relativos ás series 1720-1771 e 1820-1845, resulta doado comprobar que a media de reses por fogar está en directa relación coa representatividade dos inventarios con presenza de vacún respecto do total. Así, pasamos de 4,73 reses por fogar e 4,82 por inventario a 3,63 e 4,17 respectivamente dun século para outro. A media de reses vacunas por veciño que presenta o memorial de D. Juan Codesido axústase parcialmente ós datos da serie 1820-1845, se ben é certo que con resultados que oscilan segundo a zona do partido de que se trate, con 2,08 para Arzúa, 1,91 para Bendaña, e 1,62 para Melide.

Polo tanto, evidénciase unha caída inicial que se convirte en estancamento a mediados do XIX respecto ós valores de partida que tomamos como referenciais no século XVII, como directa consecuencia da incapacidade da agricultura tradicional que rexistramos no XVIII pervivindo no XIX para soste-la a unha cabana gandeira medrando de xeito progresivo de centuria en centuria arbitrariamente, só dependendo do seu sostemento tradicional, que viña sendo o monte. Quérese dicir, que un incremento na cabana gandeira nestes momentos sería difícil establecela sen ter en conta o seu estabulamento, mellora alimenticia e selección dos mellores exemplares para a cría, factores que non se dan nesta comarca a non ser o aumento constatado na produción de herba.

Así, o incremento na produción da cantidade de herba por unidade de explotación atopa resposta na integración das reses vacunas como aportadoras de forza de traballo a unhas unidades de produción que, tal como sucedía un século atrás, seguen a depender da intensidade do traballo que se aplique sobre a explotación familiar. En todo caso, cada veciño ten por media á súa disposición unhas 2,70 Tm. de herba anuais, o que nos indica que a expansión do terreo a prado está condicionada pola integración do gando vacún no traballo sobre a terra que semella ser, a teor do exposto, o eixe económico fundamental da veciñanza do Partido Xudicial de Arzúa na primeira metade do XIX.

Existen, non obstante, a principios do século pasado dous factores que lle permitirán a esta comarca acadar o quinto posto do ranking de reses de vacún por partido xudicial da provincia da Coruña en 1865. Dun lado, a especialización pratense á que nos temos referido; e doutro, a existencia de individuos con intereses na "*compra y trafico de ganados*"<sup>59</sup>. Pero o proceso de

<sup>59</sup> Véxase como exemplo o caso de Domingo Costoya, alcalde pedáneo da vila de Arzúa, quen en 1835 nuha obriga declara ter recibido de D. Juan Pimentel 2.500 réas para adicarse ó comercio de gando. A.H.U.S., Protocolos Notariais, Arzúa, Juan Antonio Gareta: 1835 (4651) f.37.

consolidación da parcería como sistema de cesión do gando que medra secularmente a teor das series de inventarios elaboradas, supoñendo o 16,71% da mostra no XVII, o 21,95% no XVIII e o 45,56% no XIX (Táboa 11) , fainos pensar que o despegue decisivo na produción especializada de vacún só poderá producirse cando se consolide unha demanda o bastante sólida que supere os marcos da comarcalidade.

## APENDICE

**TABOA 7.**  
**CALIDADES DO TERRÁDEGO E AS SÚAS RESPECTIVAS EXTENSIÓNS EXPRESADAS EN HAS.**  
**SEGUNDO O MEMORIAL DE D. JUAN CODESIDO.**

<i>A. Antiga Xurisdicción de Arzúa.</i>						
	Labradío horta	Pastos	Prado	Carballeiras Plantíos	Mont. pechado	Mont. aberto
Andabao	115,16	181,70	223,54	21,84	64,05	83,78
Arceo	133,28	16,15	14,33	44,20	78,88	130,20
Arzúa (vila)	82,30	14,47	6,01	3,69	20,14	44,03
Arzúa	151,77	19,54	11,60	8,63	78,45	208,98
Boimorto	107,64	28,91	22,96	21,31	61,81	44,91
Burres	386,49	61,79	52,22	32,08	137,89	353,49
Calvos	138,40	22,00	10,94	9,66	74,80	333,77
Mella	81,58	12,15	10,89	9,88	43,40	126,68
Sendelle	145,73	29,04	13,46	8,68	121,03	377,97
Viladavil	147,57	27,81	17,98	26,71	84,65	262,04
TOTAL	1489,92	413,56	383,93	186,68	765,10	1965,85

<i>B. Antiga Xurisdicción de Bendaña.</i>						
	Labradío horta	Pastos	Prado	Carballeiras Plantíos	Mont. pechado	Mont. aberto
Arca	218,64	44,21	23,71	18,87	113,87	*
Bama	195,87	23,29	4,24	1,64	44,65	64,12
Branza	136,30	21,98	21,09	47,62	32,40	*
Castrofeito	150,81	18,41	4,94	10,31	51,82	81,77
Dodro	101,45	19,86	11,25	16,83	52,19	*
Lema	123,64	23,21	59,75	1,15	17,36	31,45
Loureda	121,39	17,59	6,02	4,38	51,20	189,57
Oís	264,29	43,96	14,62	11,19	76,08	*
Pantiñobre	180,71	37,43	18,49	12,81	27,44	62,90
Pereira	134,84	26,94	9,88	127,26	82,77	207,57
Touro	108,44	14,08	12,15	1,73	25,16	63,08
Turces	112,58	12,07	15,27	3,83	11,44	63,32
Viños	86,65	16,35	7,64	3,85	5,91	12,70
TOTAL	1998,97	319,38	209,05	261,47	592,29	776,48

<i>C. Antiga Xurisdicción de Melide.</i>						
	Labradío horta	Pastos	Prado	Carballeiras Plantíos	Mont. pechado	Mont. aberto
Abeancos	134,12	17,53	21,90	31,93	65,86	8,05
Baltar	70,80	17,60	10,60	19,24	15,91	188,70
Castañeda	76,17	16,29	9,74	4,41	19,68	79,25
Castro	23,42	2,45	2,56	0,72	11,74	11,32
Furelos	91,03	5,47	11,53	5,84	62,29	151,42
Golán	59,16	23,12	35,82	11,49	32,20	222,47
Grobas	38,64	12,28	18,07	8,49	15,89	16,65
Maceda	107,61	22,20	35,48	31,86	10,22	717,06
Melide (vila)	40,29	15,60	5,22	0,18	23,54	69,19
Melide	85,09	17,36	10,64	2,22	39,01	42,96
Orois	49,49	9,00	16,48	36,00	30,69	165,42
Rendal	118,35	25,20	34,73	22,87	190,90	134,95
San Cibrao	11,54	22,21	10,89	48,51	54,28	111,14
Serantes	67,46	13,37	5,76	7,86	15,14	22,64
Vilantime	134,07	20,92	13,79	4,18	44,03	56,89
TOTAL	1206,84	229,93	254,53	198,18	615,61	1941,23

**TABOA 8.**  
**CALIDADES DO TERRÁDEGO EXPRESADAS EN % SEGÚN O MEMORIAL DE D. JUAN CODESIDO**

<i>A. Antiga Xurisdicción de Arzúa.</i>						
	Labradío horta	Pastos	Prado	Carballeiras Plantíos	Mont. pechado	Mont. aberto
	16,68	23,33	32,39	3,16	9,28	12,14
Andabao	31,95	3,87	3,46	10,59	18,91	31,22
Arceo	48,23	8,47	3,52	2,16	11,80	25,80
Arzúa (vila)	31,68	4,07	2,42	1,80	16,37	43,63
Arzúa	37,43	10,05	7,98	7,41	21,49	15,61
Boimorto	37,74	6,03	5,09	3,13	13,46	134,52
Burres	23,47	3,73	1,85	1,63	12,68	56,61
Calvos	28,66	4,26	3,82	3,47	15,25	44,51
Mella	20,94	4,17	1,93	1,24	17,39	54,31
Sendelle	26,03	4,90	3,17	4,71	14,93	46,23
Viladavil	28,62	7,94	7,37	3,58	14,69	37,76
TOTAL						

<i>B. Antiga Xurisdicción de Bendaña.</i>						
	Labradío horta	Pastos	Prado	Carballeiras Plantíos	Mont. pechado	Mont. aberto
Arca	52,15	10,54	5,65	4,50	27,16	*
Bama	58,67	6,97	1,27	0,49	13,37	19,20
Branza	52,54	8,47	8,13	18,35	12,49	*
Castrofeito	47,41	5,78	1,53	3,24	16,29	25,70
Dodro	50,32	9,85	5,58	8,34	10,40	*
Lema	48,19	9,04	23,28	0,44	6,76	12,25
Loureda	31,11	4,50	1,54	1,12	13,12	48,58
Oís	64,43	10,71	3,56	2,72	18,54	*
Pantiñobre	53,18	11,01	5,44	3,77	8,07	18,51
Pereira	22,88	4,57	1,67	21,59	14,04	35,22
Touro	48,27	6,26	5,40	0,77	11,20	28,08
Turces	51,52	5,52	6,98	1,75	5,23	28,97
Viños	65,10	12,28	5,74	2,89	4,44	9,54
TOTAL	48,82	7,80	5,10	6,38	14,53	18,96

<i>C. Antiga Xurisdicción de Melide.</i>						
	Labradío horta	Pastos	Prado	Carballeiras Plantíos	Mont. pechado	Mont. aberto
Abeancos	48,00	6,27	7,83	11,42	23,57	2,88
Baltar	21,92	5,45	3,28	5,95	4,92	58,44
Castañeda	37,05	7,92	4,73	2,14	9,57	38,55
Castro	44,86	4,69	4,90	1,37	22,48	21,68
Furelos	27,78	1,66	3,51	1,78	19,01	46,22
Golán	15,39	6,01	9,32	2,99	8,37	57,89
Grobas	35,12	11,16	16,42	7,71	14,44	15,13
Maceda	11,64	2,40	3,83	3,44	1,10	77,56
Melide (vila)	26,15	10,12	3,38	0,11	15,28	44,92
Melide	43,13	8,79	5,39	1,12	19,77	21,77
Orois	16,11	2,93	5,36	11,72	9,99	53,86
Rendal	22,45	4,78	6,59	4,33	36,22	25,60
San Cibrao	48,62	5,04	9,71	4,76	21,22	23,74
Serantes	51,01	10,11	4,35	5,94	11,44	17,12
Vilantime	48,42	7,63	5,03	1,52	16,07	20,77
TOTAL	27,26	5,19	5,75	4,47	13,90	43,85

**TABOA 9.**  
**PRODUCCIÓN AGRÍCOLA EXPRESADA EN HLS. -CENTEO, TRIGO, MILLO, MILLO MIÚDO E FABAS-,**  
**FERRADOS -PATACAS E CASTAÑAS- E KGS. -NABOS, FORRAXE, HERBA E LIÑO EN RAMA-**  
**POR ESPECIE SEGUNDO O MEMORIAL DE D. JUAN CODESIDO**

<i>A. Antiga Xurisdicción de Arzúa.</i>											
	Centeo	Trigo	Millo	Miúdo	Fabas	Pataca	Nabos	Forraxe	Herba	Castañas	Liño
Andabao	512,11	0	454,48	0	29,01	0	39790	0	126258	6,00	1086,75
Arceo	577,03	16,65	378,35	0	23,92	0	55660	0	133089	317,00	960,25
Arzúa (vila)	365,31	8,88	339,24	0	21,11	0	0	35201	181389	0	1805,50
Arzúa	764,37	38,64	586,56	0	36,03	0	42308	0	38870	6,50	1736,50
Boimorto	444,38	0	363,16	0	18,40	0	45195	0	111389	40,00	9297,75
Burres	2072,5	96,33	1675,8	0	59,80	770,00	95714	84916	417381	222,50	5037,90
Calvos	593,18	31,74	503,15	0	32,65	0	55671	0	136528	5,00	1840,00
Mella	356,26	16,63	318,86	0	20,90	0	17629	0	87089	5,75	0
Sendelle	579,23	41,02	489,00	0	35,56	0	60018	0	184908	16,50	3266,00
Viladavil	640,99	34,80	515,42	0	35,67	0	50053	0	200997	5,00	3438,50
<b>TOTAL</b>	<b>6905,36</b>	<b>284,69</b>	<b>5264,02</b>	<b>0</b>	<b>313,05</b>	<b>770,00</b>	<b>462038</b>	<b>120117</b>	<b>1617898</b>	<b>624,25</b>	<b>28468,2</b>

<i>B. Antiga Xurisdicción de Bendaña.</i>											
	Centeo	Trigo	Millo	Miúdo	Fabas	Pataca	Nabos	Forraxe	Herba	Castaña	Liño
Arca	1121,77	*	1543,23	0	25,84	0	150201	10660	405030	159,25	3047,50
Bama	780,60	23,92	1279,27	195,15	24,75	0	0	25875	311573	602,25	1161,50
Branza	*	*	730,91	0	*	*	0	0	*	69,00	701,50
Castrofeito	787,39	0	990,99	0	23,71	0	23839	0	93702	33,00	1276,50
Dodro	*	*	442,00	0	*	*	10177	0	169291	50,00	1828,50
Lema	669,25	4,89	558,55	0	22,67	130,0	21643	0	149385	3,00	3133,75
Loureda	359,98	*	706,65	0	14,76	0	36719	35880	45241	42,00	1610,00
Oís	*	*	1104,76	0	*	*	28784	0	296044	11,5	5359,00
Pantiñobre	880,41	19,80	732,78	0	32,86	136,0	29980	0	182298	10,50	4099,75
Pereira	715,28	12,47	933,71	0	20,02	0	46437	36110	246882	24,25	3105,00
Touro	557,01	19,43	703,66	0	27,56	50,00	16732	0	82420	180,00	1150,00
Turces	370,88	19,64	321,77	0	12,89	18,00	11339	0	94737	127,00	1132,75
Víños	434,91	16,29	370,73	0	18,04	108,0	15697	0	86319	190,00	1759,50
<b>TOTAL</b>	<b>6677,48</b>	<b>116,4</b>	<b>10418,9</b>	<b>195,1</b>	<b>223,10</b>	<b>442,0</b>	<b>391548</b>	<b>108525</b>	<b>216072</b>	<b>1501,75</b>	<b>29364,5</b>

<i>C. Antigua Jurisdicción de Melide.</i>											
	Centeo	Trigo	Millo	Miúdo	Fabas	Pataca	Nabos	Forraxe	Herba	Castañas	Liño
Abeancos	478,36	0	392,18	0	23,08	0	35604	0	142738	0	908,50
Baltar	332,69	12,75	204,04	0	17,05	244,00	29095	0	38536	13,50	1909,00
Castañeda	294,67	5,32	248,97	0	17,84	0	19377	0	95323	16,50	1466,25
Castro	93,18	2,64	81,53	0	2,28	0	7521	0	12765	0	264,50
Furelos	368,05	52,09	282,88	0	14,14	0	23126	0	40319	0	310,50
Golán	279,87	20,12	198,43	0	13,62	0	26335	0	70598	12,00	1955,00
Grobas	154,87	0	93,39	0	8,63	612,00	16203	0	26496	3,00	1058,00
Maceda	843,51	0	397,48	0	18,30	0	27715	0	142577	0	2271,25
Melide (vila)	183,90	106,91	160,36	0	3,32	0	9177	0	156607	0	1207,50
Melide	418,60	58,46	410,90	0	9,36	0	239177	0	157768	0	862,50
Orois	281,81	0	160,57	0	7,80	12,50	24403	0	46126	0	822,25
Rendal	671,03	66,21	449,07	0	29,22	0	50945	0	84663	13,00	1460,50
San Cibrao	534,96	20,02	451,15	0	14,03	0	33373	0	100797	0	1081,00
Serantes	247,74	3,87	309,08	0	13,10	0	4841	0	92299	0	793,50
Vilantime	670,97	18,97	532,68	0	22,56	0	28865	0	153663	5,00	1840,00
<b>TOTAL</b>	<b>5554,2</b>	<b>367,36</b>	<b>4123,7</b>	<b>0</b>	<b>214,25</b>	<b>868,50</b>	<b>575757</b>	<b>0</b>	<b>1361275</b>	<b>63,00</b>	<b>16896,2</b>

**TABOA 10.**  
**CABEZAS DE GANDO REXISTRADAS NO MEMORIAL DE 1841..**

<i>A. Antiga Xurisdicción de Arzúa.</i>						
	<i>Vacún</i>	<i>Lanar</i>	<i>Cabrió</i>	<i>Cerda</i>	<i>Equido</i>	<i>Colmenas</i>
Andabao	119	71	48	29	19	5
Arceo	148	117	0	17	11	6
Arzúa (vila)	112	131	16	59	12	21
Arzúa	174	127	84	26	14	14
Boimorto	140	225	61	14	11	4
Burres	333	401	27	92	49	108
Calvos	120	107	72	27	7	20
Mella	67	109	0	14	5	11
Sendelle	192	229	139	40	14	23
Viladavil	144	120	75	3	16	5
TOTAL	1.549	163	522	311	149	217

<i>B. Antiga Xurisdicción de Bendaña.</i>						
	<i>Vacún</i>	<i>Lanar</i>	<i>Cabrió</i>	<i>Cerda</i>	<i>Equido</i>	<i>Colmenas</i>
Arca	*	332	49	21	8	5
Bama	140	220	19	33	15	16
Branza	*	218	55	*	18	86
Castrofeito	165	83	8	40	20	152
Dodro	*	*	*	*	*	*
Lema	83	114	56	18	10	0
Loureda	*	195	0	48	8	45
Oís	*	*	*	*	*	*
Pantiñobre	126	0	20	24	6	156
Pereira	121	158	83	20	4	33
Touro	78	144	5	4	3	0
Turces	89	43	5	15	0	0
Viños	79	162	0	9	12	0
TOTAL	898	1.877	355	196	142	211

<i>C. Antiga Xurisdicción de Melide.</i>						
	<i>Vacún</i>	<i>Lanar</i>	<i>Cabrió</i>	<i>Cerda</i>	<i>Equido</i>	<i>Colmenas</i>
Abeancos	120	120	0	23	7	0
Baltar	68	122	27	8	4	0
Castañeda	77	136	41	26	1	16
Castro	31	35	6	4	4	10
Furelos	62	118	10	19	8	6
Golán	81	94	15	8	0	21
Grobas	57	81	47	8	0	16
Maceda	144	144	40	9	2	25
Melide (vila)	79	74	12	0	23	0
Melide	40	72	0	9	4	0
Orois	39	117	2	9	8	14
Rendal	108	200	75	13	11	18
San Cibrao	75	117	0	12	7	14
Serantes	31	87	0	11	1	14
Vilantime	102	113	0	4	0	3
TOTAL	1.114	1.630	275	163	80	157

**TABOA 11.**  
**NÚMERO DE RESES DE GANDO VACÚN POR FOGAR SEGUNDO O RECONTO**  
**DOS INVENTARIOS POST-MORTEM**  
**A. 1630-1700 (62 casos= 383 reses)**

bois propios	persoas	bois en parceria	persoas
0	7	0	7
1	5	1	2
2	11	2	
3	7	3	
4	7	4	
+ de 4	6	+ de 4	2
Total	43		18
(114 reses=29,76%)		(29 reses=7,57%)	

vacas propias	persoas	vacas en parceria	persoas
0	7	0	7
1	9	1	2
2	9	2	3
3	8	3	
4	2	4	
+ de 4	13	+ de 4	1
Total	48		13
(171 reses= 44,64%)		(13 reses=3,39%)	

crías propias	persoas	crías en parceria	persoas
0	7	0	7
1	7	1	4
2	6	2	1
3	1	3	
4		4	
+ de 4	2	2	1
Total	23	+ de 4	13
(34 reses=6,00%)		(19 reses=4,96%)	

**B. 1720-1780 (52 casos= 246 reses)**

bois propios	persoas	bois en parceria	persoas
0	1	0	1
1	10	1	3
2	7	2	4
3		3	2
4		4	
+ de 4	1	+ de 4	
Total	19		10
(30 reses=12,19%)		(18 reses=4,06%)	

vacas propias	persoas	vacas en parceria	persoas
0	1	0	1
1	10	1	6
2	10	2	4
3	11	3	1
4	5	4	1
+ de 4	6	+ de 4	1
Total	43		14
(125 reses= 50,81%)		(27 reses=10,97%)	

crías propias	persoas	crías en parceria	persoas
0	1	0	1
1	19	1	6
2	1	2	
3	5	3	1
4		4	
+ de 4		2	
Total	26	+ de 4	8
(37 reses=15,04%)		(9 reses=3,65%)	

<i>C. 1819-1845 (93 casos= 338 reses)</i>			
bois propios	persoas	bois en parceria	persoas
0	12	0	12
1	6	1	5
2	3	2	10
3	1	3	
4	1	4	
+ de 4	1	+ de 4	
Total	24		1
		(27 reses=7,98%)	(33 reses=9,76%)


  

vacas propias	persoas	vacas en parceria	persoas
0	12	0	12
1	6	1	3
2	15	2	13
3	5	3	8
4	4	4	4
+ de 4	10	+ de 4	3
Total	52		43
		(114 reses= 33,72%)	(85 reses=25,14%)


  

crías propias	persoas	crías en parceria	persoas
0	12	0	12
1	11	1	8
2	10	2	11
3	4	3	2
4		4	
+ de 4		2	
Total	37	+ de 4	33
		(43 reses=12,72%)	(36 reses=10,65%)

MAPA I.  
UBICACIÓN XEOGRÁFICA DO PARTIDO XUDICIAL DE ARZÚA.



**MAPA 2.**  
*DELIMITACIÓN DA ÁREA REXISTRADA NO MEMORIAL DE D. JUAN CODESIDO.*



## BIBLIOGRAFIA

- ARTIAGA REGO, A. et al. (1991): "Agricultura y capitalismo en Galicia: una perspectiva histórica", en P. Saavedra e R. Villares (eds.): *Señores y campesinos en la Península Ibérica, siglos XVIII-XX*, Barcelona, Crítica, t.2.
- BALBOA, X. (1990): *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais.
- BARREIRO MALLON, B. (1973): *La jurisdicción de Xallas en el siglo XVIII. Población, sociedad y economía*, Santiago, Univ. de Santiago.
- (1977): "Demografía y crisis agrarias en Galicia durante el siglo XIX", en VV.AA.: *Las fuentes y los métodos. 15 trabajos de historia cuantitativa serial de Galicia*, Santiago, Univ. de Santiago.
- BERNARDEZ, A., CABO, M. e PRESEDO, A. (1995): "Patrimonio familiar campesiño e cambio social na Galicia do s.XIX: propostas metodolóxicas", en VV.AA.: *Historia Nova III*, Santiago, Asoc. Galega de Historiadores.
- DOMINGUEZ CASTRO, L. (1992): *Viños, viñas e xentes do Ribeiro. Economía e patrimonio familiar, 1810-1952*, Vigo, Xerais.
- DUBERT, I. (1997): "Familia, inmigración y espacio urbano en la historia de Galicia. Santiago de Compostela, siglos XVIII-XX", en J.I. Fortea Pérez (ed.): *Imágenes de la diversidad. El mundo urbano en la Corona de Castilla (s.XVI-XVIII)*, Santánder, Univ. de Cantabria.
- EIRAS ROEL, A. (1996): *La población de Galicia, 1700-1860. Crecimiento, distribución espacial y estructura de la población en Galicia en los siglos XVIII y XIX*, Santiago, Fundación Caixa Galicia.
- FERNANDEZ PRIETO, L. (1996): "Notas sobre a gandería de Galicia na segunda metade do século XIX", en VV.AA.: *Humanitas. Estudios en homenaxe ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real*, Santiago, Univ. de Santiago.
- PEREZ GARCIA, J.M. (1979): *Un modelo de sociedad rural de Antigo Régimen en la Galicia costera*, Santiago, Univ. de Santiago.
- (1981): "A agricultura galega e os seus rendementos. Un estudio evolutivo (1700-1850)", *Revista Galega de Estudios Agrarios*, 5.
- (1982): "Niveles y transformaciones de la ganadería de Galicia en el siglo XVII", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXIII.
- PRESEDO GARAZO, A. (1995): "El dominio de Rubianes en el siglo XIX: Composición del mayorazgo y desvinculación", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XLII.
- (1997a): "A pequena fidalguía rural e a parcería de gando: a Casa da Fraga de San Xiao de Carballo -Friol- (1680-1800)", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XLIV.

- (1997b): *Os devanceiros dos pazos. Economía e estratexias sociais da pequena fidalguía rural na Galicia interior (ss.XVI-XVIII)*, Santiago, Editorial Sotelo Blanco.

- PRESEDO, A., BERNARDEZ, A. e CABO, M. (1997): "Rentistas y foreros: Evolución de la renta agraria en la Galicia oriental, 1828-1922", *Minius*, no prelo.

- QUINTANA GARRIDO, X.R. (1991): "Campesinos que se adaptan y agricultura que se mueve de la historia agraria de la Galicia contemporánea", *Areas*, 12.

- REY CASTELAO, O. (1982): *Aproximación a la historia de la comarca de la Ulla (siglos XVII-XVIII)*, Santiago, Univ. de Santiago.

- (1995): *Montes y política forestal en Galicia en el Antiguo Régimen*, Santiago, Univ. de Santiago.

- RODRIGUEZ FERREIRO, H. (1973): *La Tierra de Trasdeza, una economía rural antigua. Población y economía de la antigua Jurisdicción de Trasdeza en la primera mitad del siglo XVIII*, Santiago, Univ. de Santiago.

- RODRIGUEZ GALDO, M<sup>a</sup>.X. e DOPICO, F. (1981): *Crisis agrarias y crecimiento económico en Galicia en el siglo XIX*, Sada, O Castro.

- SAAVEDRA FERNANDEZ, P. (1979): *Economía rural antigua en la montaña lucense. El concejo de Burón*, Santiago, Univ. de Santiago.

- (1982): "Los montes abiertos y los concejos rurales en Galicia en los siglos XVI-XVIII", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXIII.

- (1985): *Economía, Política y Sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1840*, Madrid, Xunta de Galicia.

- (1989): "La propiedad colectiva en Galicia en el siglo XVIII", en *Estructuras agrarias y reformismo ilustrado en la España del siglo XVIII*, Madrid.

- (1996a): "La economía campesina en la Galicia del Antiguo Régimen: una consideración global", en VV.AA.: *Humanitas. Estudios en homenaxe ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real*, Santiago, Univ. de Santiago.

- (1996b): "O campesiñado nos séculos XVI-XVIII", en VV.AA.: *O rural e o urbano na Historia de Galicia*, Santiago, Asoc. Galega de Historiadores.

- (1996c): *Das casas de morada ó monte comunal*, Santiago, Xunta de Galicia.

- SOBRADO CORREA, H. (1993): "Algunas reflexiones en torno a la peculiaridad de los caracteres estructurales de la Galicia interior en el Antiguo Régimen (1640-1850)", *Obradoiro de Historia Moderna*, 2.

- (1994): "Aproximación al consumo alimentario en el área rural gallega: El interior lucense (ss.XVII-XIX)", *Obradoiro de Historia Moderna*, 3.

- (1995): "Transformaciones agrarias, estrategias hereditarias y crecimiento demográfico en las tierras lucenses, 1750-1860", *Obradoiro de Historia Moderna*, 4.